



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras incluídas no proxecto básico e de execución da humanización da rúa de Montero Rios.

TIPO DE LICITACIÓN: 1.321.816,85 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Abierto

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 5 de febreiro de 2015, ás 9 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Teresa Mª Gutiérrez López

Vocais: D./Dª. Manuel Martínez Varela representante do grupo PP.

D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D./Dª Ignacio Soto González, director técnico DUS

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.

D. José Ramón Alonso Fernández en funcións de Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	23/01/2015	2.668	CONSTRUCCIONES OÑIAL, SL
2	23/01/2015	2.669	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.
3	23/01/2015	2.679	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA
4	23/01/2015	2.688	UTE TRANSPORTES Y EXCAVACIONES ARINES, SL/ CIVIS GLOBAL, S.L
5	23/01/2015	2.689	ALCOMTE GALICIA, SL
6	23/01/2015	2.726	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL
7	23/01/2015	2.747	ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, SA
8	24/01/2015	2.768	F. GOMEZ Y CIA, SL
9	24/01/2015	2.769	CONSTRUCCIONES ALEJANDRO MARTINEZ E HIJOS
10	24/01/2015	2.770	EMERGIS CONSTRUCCION S.L.
11	24/01/2015	2.771	EXCAVACIONES MIDON SL
12	24/01/2015	2.772	CONSTRUCCIONES RAMIREZ SL
13	24/01/2015	2.773	DRAGADOS S.A.
14	24/01/2015	2.774	ESPINA Y DELFIN SL
15	24/01/2015	2.775	UTE LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A./ATLÁNTICA DE CONSTRUCCIÓN Y MEDIO AMBIENTE S.L
16	24/01/2015	2.776	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL
17	24/01/2015	2.777	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS SA
18	26/01/2015	2.778	COPCISA SA (*)
19	26/01/2015	2.779	CANARGA CONSTRUCCIONES SL (*)
20	26/01/2015	2.780	ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES SA (*)
21	26/01/2015	2.781	CONSTRUCTORA SAN JOSE SA (*)
22	26/01/2015	2.784	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL (*)
23	26/01/2015	2.788	OGMIOS PROYECTO SL (*)
24	26/01/2015	2.865	PROYECON GALICIA SA (*)
25	26/01/2015	2.870	CONSTRUCCIONES ALEA SL (*)
26	26/01/2015	2.876	ORESA SL (*)
27	26/01/2015	2.882	UTE OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL-UNIKA PROYECTOS Y OBRAS(*)
28	27/01/2015	3.035	MISTURAS OBRAS E PROXECTOS SA (*)
29	27/01/2015	3.036	EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS SA (*)
30	27/01/2015	3.084	CONSTRUCCIONES ANGEL JOVE SA (*)
31	27/01/2015	3.086	PETROLAM A VEIGA, S.L. (*)

*Proposición recibida por correo

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI05B	<i>Expediente</i> CON/71/2014	




A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos resultando excluído o licitador UTE TRANSPORTES Y EXCAVACIONES ARINES, SL/ CIVIS GLOBAL, S.L que recolle a súa documentación técnica nun total de 31 folios, incumprindo o taxativo requirimento do prego de aplicación que sinala que a documentación non excederá estrictamente de 30 folios DIN A4, quedando automaticamente excluída a proposición que exceda ese límite de 30 folios.

A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliados mediante cifras.

Ás 9:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI05B	<i>Expediente</i> CON/71/2014	

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras incluídas no proxecto básico e de execución da humanización da rúa de Montero Rios.

TIPO DE LICITACIÓN: 1.321.816,85 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: aberto

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 5 de marzo de 2015, ás 8:50 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª Teresa Mª Gutiérrez López
Vocais: D./Dª. Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Alberto Balea Filgueiras, xefe servizo planeamento e xestión urbanística
D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes no que se dá conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se popen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompáñase á presente acta.

As 9:05 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA





CONCELLO DE SANTIAGO

INFORME DE AVALIACIÓN DAS OFERTAS CON ARRANXO AO PREGO DO PROCEDEMENTO ABERTO MULTICRITERIO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:

Título: OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MONTERO RÍOS

Expediente: CON-71-2014

A. OBXECTO

O obxecto de este informe é analizar e valorar as propostas técnicas da documentación contida no sobre B das ofertas admitidas presentadas polas empresas licitadoras ao procedemento citado no encabezamento, aplicando o contido do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación.

A obra obxecto deste expediente ten por obxecto a reurbanización e humanización da rúa Montero Ríos. A parte da obra significativa é a renovación das redes de servizos urbanos soterradas e o acabado final da superficie reducindo a superficie da calzada para vehículos para aumentar as beirarrúas.

B. METODOLOXÍA

Como criterio xeral e atendendo aos criterios do prego, a valoración técnica das ofertas ten por obxecto a comprobación de que se ten estudado convenientemente o proxecto, e que consonte a iso, todos os parámetros obxecto de puntuación están debidamente xustificados en proporción á oferta presentada.

Valorarase que os documentos achegados se axusten aos datos e á información requiridos no prego de condicións e ás características técnicas deste proxecto concreto.

Puntuarase con 0 puntos aqueles apartados nos que a empresa non achegue ningún dato dos que se piden.

Para cada un dos apartados a valorar nesta fase, faise unha ponderación entre diferentes aspectos que pode ter a documentación, establecéndose unha valoración máis favorable cando a documentación é máis detallada, específica ou concreta respecto doutras máis xenéricas, e noutros casos valórase outorgando puntos por ter contemplado a maiores requisitos que, dende o punto de vista técnico, completan adecuadamente a oferta nese apartado.

Tamén considérase mellores ofertas e puntúanse con máis puntuación aquelas que determinan de forma concisa as súas condicións, de xeito que a administración poda controlar con maior precisión o seu cumprimento.

A continuación indicamos o criterios de puntuación. Aos efectos desta valoración utilizaranse a s seguintes categorías:

D: oferta destacable, valoración ata o 100% da puntuación máxima do criterio.

B: oferta boa, valoración ata o 75% da puntuación máxima do criterio.

S: oferta suficiente, valoración ata o 50% da puntuación máxima do criterio.

I: oferta insuficiente, valoración ata o 40% da puntuación máxima do criterio.

Estas categorías utilizaranse en todos os apartados salvo en aqueles en que se trate da presentación dun documento que unicamente se puntúe si se presenta cunha puntuación fixa.

C. DATOS DAS OFERTAS

OFERTAS PRESENTADAS (Empresas)

1 ; OÑIAL SL

2 ; CONS. PONCIANO NIETO SL



CONCELLO DE SANTIAGO

- 3 ; EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA
- 4 ; IGLESIAS MERA CONS. SL
- 5 ; ESPINA OBRAS HIDRAULICAS
- 6 ; FRANCISCO GÓMEZ Y CIA
- 7 ; CONS. ALEJANDRO MARTINEZ E HIJOS
- 8 ; EMERGIS CONS SL
- 9 ; EXCAVACIONES MIDÓN SL
- 10 ; CONS. RAMÍREZ SLU
- 11 ; DRAGADOS SA
- 12 ; ESPINA & DELFÍN SL
- 13 ; UTE: ATLANTICA SL / LANCER SL
- 14 ; JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL
- 15 ; ACCIONA INF.
- 16 ; COPCISA
- 17 ; CANARGA CONS. SL
- 18 ; ARIAS HNOS. CONS. SA
- 19 ; CONS. SAN JOSÉ SA
- 20 ; XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL
- 21 ; OGMIOS PROYECTO SL
- 22 ; PROYECON GALICIA SL
- 23 ; ALEA CONS. SL
- 24 ; ORESA SL
- 25 ; UTE: UNIKASL/OVIGA SL
- 26 ; ALCOMTE GALICIA SL
- 27 ; MISTURAS SA
- 28 ; EXTRACO SA
- 29 ; CONS. ANGEL JOVE SAU
- 30 ; PETROLAN A VEIGA SL

D. VALORACIÓN

Memoria resumen: valoración máxima ata 15. PUNTOS ATA 2,40

O contido deste apartado, segundo o prego de cláusulas, exporá un resumo de toda a documentación técnica achegada na que se expliquen as características máis relevantes da oferta técnica

Valórase con maior puntuación a descrición do xeito de realizar os traballos previstos no proxecto de xeito pormenorizado, con análise dos posibles problemas de execución e as solucións previstas. Valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle, coa descrición dos procedementos por unidades de obra.



CONCELLO DE SANTIAGO

Outórganse neste sub-apartado segundo a gradación do contido da información a seguinte valoración e puntuación:

VALORACIÓN ATA 15
PUNTUACIÓN ATA 2,40

D	B	S	I	NC
15,000	11,250	7,500	6,000	-
2,400	1,800	1,200	0,960	-

D:

Acadan a maior puntuación (D) aquelas ofertas que fan na memoria a correcta e completa descrición de todos os aspectos contidos nos criterios, Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos:

- Memoria resume completa, con descrición xeral da obra, usos e características xeométricas e de implantación
- Resume detallado da documentación técnica que constitúe a oferta.
- Descrición axeitada das características construtivas dos traballos.

Compren os anteriores requisitos e valóranse co grao de D as seguintes ofertas:

OGMIOS PROYECTO SL: memoria resume moi ben explicada. Con explicacións que describen globalmente e clara a forma de acometer a obra en catro treitos. Resume as solucións construtivas concretas a aplicar na obra e a organización dos traballos e de circulacións, e a documentación da oferta. Ben resumida.

B:

Acadan a puntuación (B) aquelas ofertas que fan na memoria a correcta descrición de algún dos aspectos contidos nos criterios. Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos:

- Memoria resume, con descrición xeral do inmovible, usos e características xeométricas e de implantación
- Resume da documentación técnica que constitúe a oferta.
- Descrición das características construtivas dos traballos.

Compren os anteriores requisitos e valóranse co grao de B as seguintes ofertas:

ESPINA OBRAS HIDRAULICAS memoria resume clara e completa. Con explicacións que describen a forma de acometer a obra en catro fases. Resume as solucións construtivas e a organización dos traballos concretados a cada fase.

EXCAVACIONES MIDÓN SL: Ben exposta. Con explicacións que describen a forma de acometer a obra nos catro treitos. Resume as solucións construtivas e a organización dos traballos e de circulacións concretados.

UTE: ATLANTICA SL / LANCER SL memoria resume ben explicada. Describe globalmente a forma de acometer a obra . Resume as solucións construtivas e a organización dos traballos e de circulacións.

JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL Descrición xeral da documentación. As solucións técnicas resumidas. A memoria resume permite ter unha visión global da obra e a división en fases e treitos..

PETROLAN A VEIGA SL: memoria resume ben explicada. Con identificación dos principais problemas na execución. Resume as solucións construtivas pero a organización dos traballos e de circulacións algo menos desenvolto.

S:

Acadan a puntuación (S) aquelas ofertas que fan unha memoria con pouco detalle:

Valóranse co grao de S as seguintes ofertas:



CONCELLO DE SANTIAGO

CONS. PONCIANO NIETO SL: descrición xeral de **aspectos** relevantes da documentación técnica que constitúe a oferta. As solucións técnicas expostas nesta memoria son xerais, con pouca concreción á obra.

EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA: memoria resume completa, con descrición xeral da parte de memoria construtiva. As solucións técnicas expostas nesta memoria son só as incluídas no proxecto. A memoria resume permite ter unha visión xeral da forma de acometer a obra.

IGLESIAS MERA CONS. SL: memoria resume **con descrición xeral da documentación**. As solucións técnicas expostas nesta memoria son as do proxecto. A memoria resume **permite ter unha visión global da obra e a división en fases e treitos.**

ACCIONA INF.: bastante completa, con descrición xeral de aspectos relevantes da documentación técnica **que constitúe a oferta**. As solucións técnicas expostas nesta memoria son **moi xerais, con pouca concreción á obra**.

COPCISA: descrición xeral da parte de memoria construtiva. As **solucións técnicas expostas nesta memoria** son as incluídas no proxecto. A memoria resume permite ter **unha visión concreta da forma de acometer a obra**.

CANARGA CONS. SL: memoria resume **bastante completa, con descrición xeral** de aspectos relevantes da documentación técnica **que constitúe a oferta**. As solucións técnicas expostas nesta memoria son **bastante xerais, aínda que enténdese algo na parte de melloras**.

ARIAS HNOS. CONS. SA: descrición xeral da documentación. A maior **parte** é xenérico, pero con explicación dalgunhas solucións concretas para a obra.

ALEA CONS. SL: descrición xeral da documentación. As solucións técnicas expostas nesta memoria son as do proxecto sen aportar datos propios.

UTE: UNIKASL/OVIGA SL ; : memoria resume completa, con descrición xeral da documentación pero as solucións técnicas expostas nesta memoria son copiadas as do proxecto. A memoria resume permite ter unha visión global da obra e a división en fases e treitos..

CONS. ANGEL JOVE SAU: memoria resume **completa, con descrición xeral da parte** de memoria construtiva. As solucións técnicas expostas nesta memoria son **as incluídas no proxecto**. Mellor a parte de organización que **presenta a forma de acometer a obra**.

I:

Acadan a puntuación (I) aquelas ofertas que achegan a memoria resume moi reducida ou escasa:

Valóranse co grao de I as seguintes ofertas:

FRANCISCO GÓMEZ Y CIA: memoria resume moi escasa que expón de xeito moi xeral as actuacións de cada capítulo.

CONS. ALEJANDRO MARTINEZ E HIJOS: moi resumida e xenérica da documentación que se achega na oferta.


EMERGIS CONS SL: memoria moi resumida e xenérica de descrición da documentación que se achega na oferta. É practicamente un índice.

CONS. RAMÍREZ SLU: memoria resume escasa, con planos xerais da área da intervención. Aporta apenas os datos mínimos das características técnicas da oferta.

DRAGADOS SA: so repite os datos do proxecto. Apenas hai referencias concretas a esta obra e de feito hai referencias ás obras na finca do Espiño.

ESPINA & DELFÍN SL: descrición xeral da documentación. As solucións técnicas expostas nesta memoria son as do proxecto sen aportar datos propios.

CONS. SAN JOSÉ SA ; non aporta datos relevantes, principalmente fotografías da rúa.



CONCELLO DE SANTIAGO

PROYECON GALICIA SL: non aporta datos relevantes, principalmente fotografías da rúa.

ORESA SL: memoria moi resumida e xenérica de descrición da documentación que se achega na oferta.

ALCOMTE GALICIA SL: memoria moi resumida de descrición da documentación que se achega na oferta.

MISTURAS SA: memoria moi e xenérica (aplicable a calquera tipo de obra) resumida de descrición da documentación que se achega na oferta. É idéntica á presentada por EXTRACO.

EXTRACO SA: memoria moi e xenérica (aplicable a calquera tipo de obra) resumida de descrición da documentación que se achega na oferta.

NC:

Acadan a puntuación (NC) de non cualificado aquelas ofertas que non aportan a memoria, ou que non teñen cumprido o indicado no prego sobre a presentación de documentación.


Ningunha empresa ten esta cualificación neste apartado.

Cadro resume da puntuación do apartado referido a: Memoria resumen

EMPRESA	D	B	S	I	NC	valoración	puntuación
OÑIAL SL				x		6,000	0,960
CONS. PONCIANO NIETO SL			x			7,500	1,200
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA			x			7,500	1,200
IGLESIAS MERA CONS. SL			x			7,500	1,200
ESPIÑA OBRAS HIDRAULICAS		x				11,250	1,800
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA				x		6,000	0,960
CONS. ALEJANDRO MARTINEZ E HIJOS				x		6,000	0,960
EMERGIS CONS SL				x		6,000	0,960
EXCAVACIONES MIDÓN SL		x				11,250	1,800
CONS. RAMÍREZ SLU				x		6,000	0,960
DRAGADOS SA				x		6,000	0,960
ESPIÑA & DELFÍN SL				x		6,000	0,960
UTE: ATLANTICA SL / LANCER SL		x				11,250	1,800
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL		x				11,250	1,800
ACCIONA INF.			x			7,500	1,200
COPCISA			x			7,500	1,200
CANARGA CONS. SL			x			7,500	1,200
ARIAS HNOS. CONS. SA			x			7,500	1,200
CONS. SAN JOSÉ SA				x		6,000	0,960
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL			x			7,500	1,200
OGMIOS PROYECTO SL	x					15,000	2,400
PROYECON GALICIA SL				x		6,000	0,960
ALEA CONS. SL			x			7,500	1,200
ORESA SL				x		6,000	0,960
UTE: UNIKASL/OVIGA SL			x			7,500	1,200
ALCOMTE GALICIA SL				x		6,000	0,960
MISTURAS SA				x		6,000	0,960
EXTRACO SA				x		6,000	0,960
CONS. ANGEL JOVE SAU			x			7,500	1,200
PETROLAN A VEIGA SL		x				11,250	1,800

Memoria constructiva: valoración máxima ata 30. PUNTOS ATA 4,80

O contido deste apartado, segundo o prego de cláusulas, describirá os procesos de execución das actividades máis importantes e reflectirá o enfoque realista da obra en coherencia cos medios programados.



CONCELLO DE SANTIAGO

Valorase nesta memoria construtiva de cada oferta a descrición dos procesos principais da obra e a metodoloxía para acometelos ; a explicación da forma de realizar os traballos, a organización física e a identificación de principais características do traballo. Tamén valórase o persoal a maiores dos medios humanos ofertados para execución dos traballos sempre que sexa adecuado tendo en conta que a obra en este caso é de reurbanización e humanización da rúa.

Outórganse neste sub-apartado segundo a gradación do contido da información a seguinte valoración e puntuación:

VALORACIÓN ATA :

PUNTUACIÓN ATA:

D	B	S	I	NC
30,000	22,500	15,000	12,000	-
4,800	3,600	2,400	1,920	-

De acordo co prego, valóranse varios aspectos a ter en conta na memoria construtiva, de xeito que se demostre pola empresa o coñecemento do proxecto e, en consecuencia, que se oferta a disposición para a súa realización dos medios necesarios. Para cada oferta tense valorado a partes iguais os seguintes aspectos da memoria construtiva:

- A identificación de principais características do emprazamento e do proxecto que amosen o coñecemento da obra pola empresa.
- A descrición dos procesos da obra e a descrición dos traballos a realizar de acordo ao proxecto axustado aos medios de cada empresa.
- A coherencia entre as fases previstas para realizar a obra.
- persoal que se adscriba (a maiores dos medios humanos para execución de obra) como apoio técnico directo na obra.

	identificación de principais características					val. Parcial	descrición dos procesos da obra e descrición dos traballos a realizar.					val. Parcial	coherencia entre as fases previstas					val. Parcial	organigrama de persoal que se adscribe a maiores dos medios humanos para execución de obra					val. Parcial	VALORACIÓN	PUNTUACIÓN		
	D	B	S	I	NC		D	B	S	I	NC		D	B	S	I	NC		D	B	S	I	NC					
OÑIAL SL				x		3,000			x		3,750			x		3,750			x			3,750					14,250	2,280
CONS. PONCIANO NIETO SL			x			3,750			x		3,750			x		5,625			x			5,625					18,750	3,000
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA			x			3,750			x		3,750			x		5,625			x			3,750					16,875	2,700
IGLESIAS MERA CONS. SL	x					7,500			x		5,625	x				7,500			x			3,750				24,375	3,900	
ESPINA OBRAS HIDRAULICAS		x				5,625	x				7,500	x				7,500	x					7,500					28,125	4,500
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA			x			3,750			x		3,750				x	3,000	x					7,500					18,000	2,880
CONS. ALEJANDRO MARTINEZ E HIJOS			x			3,750				x	3,000				x	3,000			x			3,750					13,500	2,160
EMERGIS CONS SL			x			3,750			x		5,625				x	3,750				x		3,000					16,125	2,580
EXCAVACIONES MIDÓN SL			x			3,750			x		5,625				x	3,750				x		3,000					16,125	2,580
CONS. RAMÍREZ SLU		x				5,625			x		5,625			x		5,625				x		3,000					19,875	3,180
DRAGADOS SA			x			3,750			x		5,625				x	3,750				x		3,000					16,125	2,580



CONCELLO DE SANTIAGO


ESPINA & DELFÍN SL			x		3,000	x			5,625			x		3,000			x		3,000	14,625	2,340	
UTE: ATLANTICA SL / LANCER SL	x				7,500	x			7,500	x				7,500				x			22,500	3,600
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL	x				7,500	x			5,625	x				7,500	x				5,625		26,250	4,200
ACCIONA INF.		x			5,625	x			5,625	x				7,500	x				5,625		24,375	3,900
COPCISA			x		3,750	x			5,625		x			3,750				x		3,750	16,875	2,700
CANARGA CONS. SL			x		3,750	x			5,625			x		3,000				x		3,750	16,125	2,580
ARIAS HNOS. CONS. SA			x		3,750	x			5,625			x		3,750				x		3,000	16,125	2,580
CONS. SAN JOSÉ SA			x		3,750			x	3,750		x			5,625					x		13,125	2,100
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL			x		3,750			x	3,750			x		3,750	x					5,625	16,875	2,700
OGMIOS PROYECTO SL		x			5,625	x			5,625			x		3,750	x					7,500	22,500	3,600
PROYECON GALICIA SL				x	3,000			x	3,750				x	3,000					x	3,000	12,750	2,040
ALEA CONS. SL	x				7,500	x			5,625			x		5,625					x	3,000	21,750	3,480
ORESA SL			x		3,750	x			5,625				x	3,000					x	3,000	15,375	2,460
UTE: UNIKASL/OVIGA SL			x		3,750	x			5,625				x	3,000					x	3,000	15,375	2,460
ALCOMTE GALICIA SL			x		3,750	x			5,625				x	3,750					x	-	13,125	2,100
MISTURAS SA		x			5,625	x			5,625	x				7,500					x	3,000	21,750	3,480
EXTRACO SA		x			5,625	x			5,625	x				7,500					x	3,000	21,750	3,480
CONS. ANGEL JOVE SAU			x		3,750	x			5,625			x		5,625						x	15,000	2,400
PETROLAN A VEIGA SL			x		3,750	x			5,625	x				7,500					x	3,000	19,875	3,180

D:

Acadan a maior puntuación (D) aquelas ofertas que fan na memoria a correcta e descrición de todos os aspectos contidos nos criterios, Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos:

- A identificación de principais características do emprazamento e do proxecto que amosen o coñecemento da obra pola empresa.
- A descrición dos procesos da obra e a descrición dos traballos a realizar de acordo ao proxecto axustado aos medios de cada empresa.
- A coherencia entre as fases previstas para realizar a obra.
- persoal que se adscriba (a maiores dos medios humanos para execución de obra) como apoio técnico directo na obra.

Valóranse co grao de D as seguintes ofertas:



CONCELLO DE SANTIAGO

IGLESIAS MERA CONS. SL ; presenta unha **identificación** completa e coherente das principais características dos traballos con referencia concreta á rúa Montero Ríos, identificando servizos afectados pola obra e dificultades previsibles (accesibilidade pasos e usuarios). Fai a **descrición completa**, aínda que **xenérica, dos procesos da obra e metodoloxía do traballo, semellante** ao indicado no proxecto. ai unha **completa descrición** de características a realizar organización física e fases de xeito coherente e completo e referidas ao proxecto concreto e o ámbito no estado actual. **Os medios a maiores reducidos aínda que** axeitado ao traballos (**topografía**)

ESPINA OBRAS HIDRAULICAS: presenta unha **identificación** completa e coherente das principais características dos traballos pero de xeito algo xenérico (aplicable a calquera obra) ; fai unha **descrición dos procesos da obra** explicados de forma completa e axeitada a esta obra e coa metodoloxía axeitada. Fai **unha completa descrición** de características a realizar **organización física e fases de xeito coherente e completo e referidas** ao proxecto concreto e o ámbito no estado actual. ; Como medios a maiores moi ben axeitados aos traballos, con **identificación persoal dos axentes intervinde e coa a súa dedicación indicada de forma clara: incluirá** un topógrafo, un delineante e un enxeñeiro con dedicación á obra.

JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL: presenta unha **identificación** completa das características dos traballos referida ao proxecto en cuestión, tendo en conta especialmente **todas as afección ao tráfico. A descrición de procedementos construtivos a realizar ten en conta todas as** tarefas do proxecto, pero as referencias **indicadas son xerais.** Fai unha **completa descrición de características** a realizar organización física e fases de xeito coherente e completo e referidas ao proxecto concreto e o ámbito no estado actual. ; Persoal a maiores é axeitado **ao traballos, con identificación persoal dos axentes intervinde:** una persoa responsable de control de calidade e medio ambiente, un administrativo e un comunicador, todos a dedicación completa.

ACCIONA INF.: presenta unha **identificación** completa e coherente das principais características dos traballos pero de xeito xenérico (aplicable a calquera obra). Fai a **descrición completa** pero xenérica dos procesos da obra e metodoloxía do traballo. Fai unha **completa descrición de características** a realizar organización física e fases de xeito coherente e completo e referidas ao proxecto concreto e o ámbito no estado actual. o organigrama completo é axeitado ao traballos, con **identificación persoal dos axentes intervinde, pero non destacable:** un topógrafo e un comunicador, con dedicación **plena.**

B:

Acadan a maior puntuación (B) aquelas ofertas que fan na memoria a **correcta descrición de todos os aspectos** contidos nos criterios aínda que de xeito menos completo ou xenérico. Para elo, **valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios** indicados nos pregos:

Valóranse co grao de B as seguintes ofertas:

CONS. PONCIANO NIETO SL: xenérico .repite en xeral o que di o proxecto da obra.

EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA: en xeral é xenérico. No persoal non indica a dedicación que vai a ter na obra.


FRANCISCO GÓMEZ Y CIA: todo xenérico. Non ten en conta execución en fases. Dedicará una persoa a control de calidade, unha a medo ambientais e un topógrafo

EMERGIS CONS SL: toda a memoria é xeral (aplicable a calquera obra). Non indica persoas nin dedicación.

EXCAVACINES MIDÓN SL: xenérico. Compromete un topógrafo e un administrativo pero non indica dedicación a esta obra.

CONS. RAMÍREZ SLU: xenérico, aínda que explica ben os traballos a realizar pola empresa. Indica que porá á disposición da obra o persoal de apoio da empresa, pero non especifica quen nin dedicación.

DRAGADOS SA: xeral e non concretado a esta obra. Non aporta datos de persoal a maiores.



CONCELLO DE SANTIAGO

ESPINA & DELFÍN SL: memoria xenérica sen aportar datos concretos desta obra. Non se especifica persoal a maiores.

UTE: ATLANTICA SL / LANCER SL: a memoria é completa e específica en canto aos traballos e coherencia das fases. En cambio non compromete persoal a maiores para apoio á obra.

COPCISA: xenérico, sen máis. Sen embargo oferta con dedicación total un responsable de medio ambiente, un enxeñeiro tec. En minas como xefe da oficina técnica da obra e un topógrafo e un administrativo.

CANARGA CONS. SL: Xenérico. Escaso no referente ás fases. A maiores 1 topógrafo.

ARIAS HNOS. CONS. SA: xenérico. A maiores 1 topógrafo.

XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL: todo xenérico.. Dedicará una persoa a oficina técnica un topógrafo e 3 administrativos.

OGMIOS PROYECTO SL: ben ao explicar as principais características do proxecto. Xeral a parte de traballos a realizar. Non detalla as fases e a coherencia entre eles. Indica que destinará un topógrafo, un responsable de m.a e control de calidade e un administrativo.

ALEA CONS. SL: Recolle moi completa a parte de condicionantes. É xenérico o resto da memoria. Indica que destinará un topógrafo e subcontratará a un responsable para teleco. Pero non di cal será a súa dedicación.

ORESA SL: bastante xeral. Conciso na parte de traballos a desenvolver. Non identifica persoal que dedique a maiores nesta obra.

UTE: UNIKASL/OVIGA SL: repite o indicado no proxecto. Destinará un topógrafo, un responsable de oficina técnica e un administrativo, pero non indica as persoas.

MISTURAS SA: é bastante xenérica, agás a parte de estudio de fases, que desenvolve e explica como se coordinarán entre elas. Non identifica persoal a maiores.

EXTRACO SA: é bastante xenérica, agás a parte de estudio de fases, que desenvolve e explica como se coordinarán entre elas. Non identifica persoal a maiores.

PETROLAN A VEIGA SL: xenérico. Destinará un administrativo e un comunicador, sen especificar dedicación.

S:

Valóranse na categoría s aquelas ofertas que presentan unha memoria construtiva menos completo. Para elo, valórase con mellor puntuación o maior grado de detalle na análise dos criterios indicados nos pregos respecto deste apartado.


Cumpre os anteriores requisitos e valóranse co grao de M as seguintes ofertas:

OÑIAL SL: a identificación das principais características presentada é reducida e parcial respecto das outras ofertas. Descrición parcial e pouco detallada dos procesos da obra e metodoloxía do proceso. Medios a maiores sen concretar.

CONS. ALEJANDRO MARTINEZ E HIJOS: presenta unha identificación parcial das principais características dos traballos. Repite o indicado no proxecto. A descrición dos procesos da obra e da metodoloxía do proceso e reducida, e non permiten apreciar o estudo pormenorizado da obra. Medios a maiores reducidos aínda que axeitado ao traballos: un topógrafo con dedicación completa.

ESPINA & DELFÍN SL: a identificación das características é reducida respecto das outras ofertas Fai a descrición completa, pero xenérica, dos procesos da obra e metodoloxía do traballo. ; Non queda claro a descrición da coherencia entre as fases. organigrama sen identificación de persoal e dedicación.

CONS. SAN JOSÉ SA: presenta unha identificación parcial das principais características dos traballos (Repite o indicado no proxecto) . descrición parcial e pouco detallada dos procesos da obra e metodoloxía do



CONCELLO DE SANTIAGO

proceso. ; ; aínda que a coherencia entre as fases está **bes** detallada. Non indica organigrama **que** inclúa persoal a maiores destinado á obra.

PROYECON GALICIA SL: ; a identificación parcial das principais características presentada é reducida respecto das outras ofertas. ; Descrición parcial e pouco detallada dos procesos da obra e metodoloxía do proceso. ; Escaso no que atinxe a coherencia entre fases. Oun responsable de m.a. e control de calidade con dedicación total.

ALCOMTE GALICIA SI: xenérico, que Repite o indicado no proxecto. ; No organigrama apréciase que o persoal que se destinará a maiores é o da empresa, sen que sexa **dependente desta obra en concreto**.

CONS. ANGEL JOVE SAU: moi xenérico en xeral, sen detalle agás no estudio de fases e coherencia entre elas que está ben explicado. Non indica organigrama.

I:

Acadan a puntuación (I) aquelas ofertas que achegan a memoria construtiva moi reducida ou escasa:

Ningunha empresa ten esta cualificación neste apartado.

NC:

Acadan a puntuación (NC) de non cualificado aquelas ofertas que non aportan a memoria, ou que non teñen cumprido o indicado no prego sobre a presentación de documentación.

Ningunha empresa ten esta cualificación neste apartado.

Cadro resume da puntuación do apartado referido a: Memoria construtiva

EMPRESA	D	B	S	I	NC	valoración	puntuación
OÑIAL SL			x			14,250	2,280
CONS. PONCIANO NIETO SL		x				18,750	3,000
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA		x				16,875	2,700
IGLESIAS MERA CONS. SL	x					24,375	3,900
ESPINA OBRAS HIDRAULICAS	x					28,125	4,500
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA		x				18,000	2,880
CONS. ALEJANDRO MARTINEZ E HIJOS			x			13,500	2,160
EMERGIS CONS SL		x				16,125	2,580
EXCAVACIONES MIDÓN SL		x				16,125	2,580
CONS. RAMÍREZ SLU		x				19,875	3,180
DRAGADOS SA		x				16,125	2,580
ESPINA & DELFÍN SL			x			14,625	2,340
UTE: ATLANTICA SL / LANCER SL		x				22,500	3,600
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL	x					26,250	4,200
ACCIONA INF.	x					24,375	3,900
COPCISA		x				16,875	2,700
CANARGA CONS. SL		x				16,125	2,580
ARIAS HNOS. CONS. SA		x				16,125	2,580
CONS. SAN JOSÉ SA			x			13,125	2,100
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL		x				16,875	2,700
OGMIOS PROYECTO SL		x				22,500	3,600
PROYECON GALICIA SL			x			12,750	2,040
ALEA CONS. SL		x				21,750	3,480
ORES SA		x				15,375	2,460
UTE: UNIKASL/OVIGA SL		x				15,375	2,460
ALCOMTE GALICIA SL			x			13,125	2,100
MISTURAS SA		x				21,750	3,480
EXTRACO SA		x				21,750	3,480



CONCELLO DE SANTIAGO

CONS. ANGEL JOVE SAU			x			15,000	2,400
PETROLAN A VEIGA SL		x				19,875	3,180

Programa de construción das obras: valoración máxima ata 30. PUNTOS ATA 4,80

De acordo ao indicado no prego de cláusulas, incluírase na oferta un programa de construción das obras que asegure a súa execución nos prazos totais e parciais e anualidades do contrato.

O Licitador realizará unha planificación da obra, tendo en conta os equipos humanos e materiais ofertados adscritos a cada unha das actividades descritas na memoria, debendo xustificar co rendementos medios previstos que garantan o prazo ofertado:

Coa composición dos equipos humanos e materiais ofertados distribuídos por fases de obra, capítulos do presuposto ou fitos da construción. A indicación dos rendementos medios previstos debidamente xustificadas que garantan a viabilidade de cumprir os prazos.

Os Diagrama de Gantt ou diagrama de barras con desenvolvemento das unidades de obra, con indicación das actividades que condicionan dita obra por tratarse de actividades críticas e con indicación dos investimentos mensuais previstos.

Outórganse neste sub-apartado segundo a gradación do contido da información a seguinte valoración e puntuación:

VALORACIÓN ATA 30
PUNTUACIÓN ATA 4,80

D	B	S	I	NC
30,000	22,500	15,000	12,000	-
4,800	3,600	2,400	1,920	-

De acordo co prego, valóranse varios aspectos a ter en conta no programa de obras, de xeito que se demostre pola empresa o coñecemento do proxecto e, en consecuencia, que se oferta a disposición para a súa realización dos medios necesarios. Para cada oferta tense valorado a partes iguais os seguintes aspectos do programa de obras:

- O contido e o grao de detalle do programa de obras: que estea desenvolto a nivel de partidas de obra ou por capítulos. E detalle dos diagramas de obra.
- A coherencia entre os medios postos a disposición da obra e os rendementos utilizados no programa achegado. A claridade nos equipos ofertados de xeito que sexa fácil o control de medios na obra por parte da administración.
- A adecuación dos prazos achegados no programa e a correcta distribución dos investimentos mensuais da obra recollidos nos correspondentes diagramas de Gantt e de barras de ser o caso.

	CONTIDO E GRADO DE DETALLE					Demencionado claro de medios e coherente cos rendementos propostos.					(INVESTIMENTO MENSUAL)					SUMA	
	D	B	S	I	NC	D	B	S	I	NC	D	B	S	I	NC	VALORACIÓN	PUNTO S
EMPRESA	10,00	7,50	5,00	4,00	0,00	10,00	7,50	5,00	4,00	0,00	10,00	7,50	5,00	4,00	0,00	ata 30,000	ata 4,800
OÑIAL SL				x			x						x			16,500	2,640
CONS. PONCIANO NIETO SL				x			x							x		15,500	2,480
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONS. SA		x					x						x			20,000	3,200
IGLESIAS MERA CONS. SL		x					x						x			20,000	3,200
ESPINA OBRAS HIDRAULICAS		x					x				x					25,000	4,000
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA		x					x						x			19,000	3,040



CONCELLO DE SANTIAGO

CONS. ALEJANDRO MARTINEZ E HIJOS	X								X		X				15,000	2,400
EMERGIS CONS SL			X			X					X				19,000	3,040
EXCAVACIONES MIDÓN SL	X					X						X			20,000	3,200
CONS. RAMÍREZ SLU	X					X					X				22,500	3,600
DRAGADOS SA	X					X					X				22,500	3,600
ESPINA & DELFÍN SL			X						X				X		9,000	1,440
UTE: ATLANTICA SL / LANCER SL	X					X						X			20,000	3,200
JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL	X								X		X				15,000	2,400
ACCIONA INF.	X					X								X	15,000	2,400
COPCISA	X					X					X				22,500	3,600
CANARGA CONS. SL	X					X					X				22,500	3,600
ARIAS HNOS. CONS. SA	X								X		X				15,000	2,400
CONS. SAN JOSÉ SA	X								X			X			12,500	2,000
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	X							X			X				19,000	3,040
OGMIOS PROYECTO SL	X					X					X				22,500	3,600
PROYECON GALICIA SL	X					X						X			20,000	3,200
ALEA CONS. SL	X					X					X				22,500	3,600
ORESA SL	X								X			X			12,500	2,000
UTE: UNIKASL/OVIGA SL	X					X					X				22,500	3,600
ALCOMTE GALICIA SL			X				X				X				17,500	2,800
MISTURAS SA	X					X							X		19,000	3,040
EXTRACO SA	X					X							X		19,000	3,040
CONS. ANGEL JOVE SAU	X					X							X		19,000	3,040
PETROLAN A VEIGA SL	X					X					X				22,500	3,600

D:

Acadan a maior puntuación (D) aquelas ofertas que fan o programa das obras co maior grado de detalle na análise dos criterios indicados:

Cumpre os anteriores requisitos e valóranse co grao de D as seguintes ofertas:


ESPINA OBRAS HIDRAULICAS: ben o contido e o grao de detalle do programa de obras desvolto a nivel de partidas de obra ou por capítulos. E fichas claras con dimensionado de equipos humanos e técnicos. Oferta un prazo de execución de 9 meses e o investimento é proporcionado en todos os meses e por trimestres, o que se corresponde coa execución da obra por tramos completos da rúa nas fases en que se divide o traballo. O investimento previsto por meses (en porcentaxe é: 5,57% ; 12,43% ; 13,57% ; 10,79% ; 12,32% ; ; 13,01% ; ; 11,60% ; 12,60% ; 8,10% e os trimestres de obra: 31,57% ; 36,12% e 32,31%

B:

Acadan a puntuación (B) aquelas ofertas que fan o programa das obras ben xustificado na análise dos criterios indicados antes:

